

## ÍNDICE DE CONTIDOS

1. *Características do portal*
2. *Como acceder ao portal*
3. *Portal de transparencia dunha entidade local: publicidade activa*
4. *Portal de transparencia dunha entidade local: acceso á información pública*
5. *Como pode unha entidade local dispoñer dun portal de transparencia en EidoLocal*
6. *Atendémolo*






O "Portal de transparencia local de Galicia" é un portal que pretende concentrar toda a información relacionada coa transparencia na Administración Local galega de cara ao cidadán, ao mesmo tempo que pon a disposición das entidades locais galegas unha plataforma gratuita na que poidan publicar o seu propio portal de transparencia con **toda a información en materia de transparencia que existe tanto a lexislación estatal como as normas sectoriais do ámbito local e as recomendacións e boas prácticas das principais organizacións en materia de transparencia.**

## Características/vantaxes:

- ✓ Proporciona unha visión xeral do exercicio de transparencia na Administración local galega.
- ✓ Posibilita a ampliación da transparencia da actividade pública local, facilitando a súa consulta dunha forma clara, estruturada, entendible e de fácil acceso fomentando o achegamento á cidadanía das institucións, como unha ferramenta de mellora da calidade democrática.
- ✓ Facilita a presentación das solicitudes de acceso á información pública na respectiva entidade local, así como unha serie de manuais, guías prácticas, preguntas frecuentes e outros documentos de interese local, coa finalidade de fomentar a capacitación, a cultura e os valores propios da transparencia na administración local por ser a administración máis próxima á cidadanía.
- ✓ É unha plataforma de configuración flexible pois adáptase ás distintas necesidades das entidades locais:
  - As entidades locais que xa teñan un espazo de transparencia na súa web ou o seu propio portal de transparencia, **poderán enlazalo directamente no Portal de transparencia local de Galicia.**
  - As entidades locais que teñan a información publicada noutras webs de forma non estruturada, **poderán utilizar o portal de transparencia de entidade local de Eidolocal para publicala dunha forma organizada.**
  - As entidades locais que non dispoñan de ningún medio para publicar a información, **poderán crear o seu portal de transparencia en Eidolocal cumprimentando as áreas, seccións e subseccións dunha plantilla/estrutura de portal de transparencia que se lle facilita en Eidolocal.**



**Portal de Transparencia Local de Galicia**

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, establece en tres pilares fundamentais ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigacións de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, incluídas as entidades locais.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten entre as súas finalidades, servir de apoio e axudar aos consellos galegos para avaliar o grao de transparencia actualizado pola actual normativa especialmente respecto consellos que carecen de recursos suficientes para facer fronte a estes retos.

Con este obxectivo, o 10 de decembro de 2015 se habilita este plataforma web como instrumento para facilitar a todos os consellos galegos a aplicación das súas obrigacións en materia de transparencia e facilitar a consulta da información relativa a actividades de Administración local.

Para continuar aprofundando no impulso e mellora da transparencia no ámbito local de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a IGAAP elaboraron o 10 de maio de 2016 un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para, entre outras actuacións, abordar o rediseño do Portal de Transparencia Local e facilitar un apoio técnico máis eficiente do mesmo e que mellor responda ás necesidades e particularidades dos concellos de Galicia tanto organizativas como de funcionamento así como as demandas dos seus veciños.

Aí pois, a través de novas plataformas, os consellos galegos poden, de modo gratuito, acceder toda a información en materia de transparencia que existe tanto a lexislación estatal como as normas sectoriais do ámbito local e as recomendacións e boas prácticas das principais organizacións en materia de transparencia.

Posibilitase pois a ampliación da transparencia de actividade pública local, facilitando a súa consulta dunha forma clara, estruturada, entendible e de fácil acceso fomentando o achegamento a cidadanía das institucións, como unha ferramenta de mellora da calidade democrática.

Por último, a través do noso Portal facilitase e presentámonos das subseccións de acceso á información pública no respectivo consello, así como unha serie de manuais, guías prácticas, preguntas frecuentes e outros documentos de interese local coa finalidade de fomentar a capacitación, a cultura e os valores propios da transparencia nos consellos por ser a administración máis próxima á cidadanía.

**BUSCADOR DE PORTAIS DE TRANSPARENCIA LOCAL**

Tipo de entidade local: Consello



Provincia	Entidade
A Coruña	ABEGONDO
A Coruña	O FINEO
A Coruña	IRANDE
A Coruña	SANTIGO
A Coruña	TEO
Ourense	BOLA A
Ourense	ESNLE
Pontevedra	AGOLADA
Pontevedra	BAZÑA
Pontevedra	ESTRADA, A

1 2

**INFORMACIÓN**

- Normativa e documentación
- Cómo funciona o portal
- Accións a realizar no Portal de Transparencia Local

Para acceder ao **“Portal de transparencia local de Galicia”** debe premer na opción de **“Transparencia”** do menú principal de Eidolocal **(1)**.  
 Unha vez situado neste portal, para consultar o **portal de transparencia publicado por unha entidade local en concreto**, deberá premer no mapa no concello que desexe **(2)** visualizándose o portal de transparencia correspondente a esta entidade local ou poderá utilizar a lista de valores para filtrar por tipo de entidade local e buscar, na listaxe que se xera, a entidade local que desexe **(3)**. Premendo nela se visualizará o portal de transparencia da correspondente entidade local.



No Portal de transparencia de Galicia ademais de acceder aos portais de transparencia das distintas entidades locais, pode consultar toda a normativa e documentación **(4)** relacionada coa transparencia local e realizar suxestións de mellora do portal nun formulario en liña **(5)**

4

5

5



O portal de transparencia dunha entidade local creado no Eidolocal está estruturado en dúas áreas principais:

- Publicidade activa.
- Acceso á información pública.

A sección de publicidade activa recolle, segundo se di na Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a información que a entidade local terá que difundir sen esperar unha solicitude concreta dos cidadáns.



Os portais de transparencia das entidades locais que están enlazados no Eidolocal pero aloxados noutras plataformas teñen deseños e estruturas propios.


### AREAS DE ACTIVIDADE DUNHA ENTIDADE LOCAL (seccións da área de publicidade activa):











1. Información institucional e organizativa.
2. Información orzamentaria, rendición de contas, información fiscal e patrimonial.
3. Información en materia de persoal.
4. Información de relevancia xurídica.
5. Información en materia contractual.
6. Subvencións, convenios e encomendas de xestión.
7. Urbanismo e medio ambiente.
8. Planificación, procedementos e servizos.
9. Participación cidadá.
10. Bo goberno local.

Dentro de cada sección (1) poderase acceder ás subseccións nas que se dividen cada unha delas (2). En cada sección ou subsección estará dispoñible documentación publicada pola entidade ou ligazóns a outras páxinas web onde figure a información correspondente (3).

### Portal de Transparencia de XXXXXX

#### PUBLICIDADE ACTIVA



	Información institucional e organizativa	+
	Información orzamentaria, rendición de contas, información fiscal e patrimonial	+
Neste bloque inclúese toda a información relativa á xestión económico-financieira do Concello, que permite un maior control cidadá: orzamentos, liquidacións, contas, información fiscal, indicadores, información patrimonial e o acceso á toda información económica do Concello dispoñible no Ministerio de Facenda e Función Pública		
	Orzamentos	▼
	Contas	▼
	Información actualizada das contas municipais rendidas nos termos legais.	
	<a href="#">Conta Xeral 2017</a>	
	Información fiscal	▼
	Información patrimonial	▼
	Información en materia de persoal	+
	Información de relevancia xurídica	+
	Información en materia contractual	+
	Subvencións, convenios e encomendas de xestión	+
	Urbanismo e medio ambiente	+
	Planificación, procedementos e servizos	+
	Participación cidadá	+
	Bo goberno local	+

O portal de transparencia dunha entidade local creado en Eidolocal está estruturado en dúas seccións principais : Publicidade activa e acceso á información pública.

A sección de acceso á información pública ten o obxecto de facilitar o exercicio do dereito de acceso a esta información.



### ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

▶ Presenta a túa solicitude ▼

▶ Consulta o estado de tramitación

▶ Comisión de transparencia

▶ Preguntas frecuentes ▼

▶ Estatísticas ▼

▶ Resolucións ▼

🔍 ACHEGAS E SUXESTIÓNS

🗋️ FAQS: COMO FUNCIONA O PORTAL?

📖 GUIA RÁPIDA USO PORTAL

☎️ ATENDÉMOLO/LA: 981 647 909

Esta sección está dividida nos seguintes apartados :

1. **Presenta a túa solicitude.** Neste apartado poderá obter información de como pode facer para presentar unha solicitude de acceso á información pública da entidade local de **xeito presencial** podendo descargarse o modelo de solicitude ou ben de **xeito electrónico**, accedendo á web/sede electrónica da entidade local onde poderá facer a solicitude en liña (se ten dispoñible este servizo).
2. **Consulta o estado de tramitación.** Neste apartado poderá coñecer o estado no que se atopa a súa solicitude de información accedendo á web/sede electrónica da entidade local (se ten dispoñible este servizo).
3. **Comisión de transparencia.** Acceso á páxina web da Comisión de transparencia de Galicia, órgano encargado de resolver as reclamacións en materia de acceso á información pública.
4. **Preguntas frecuentes.** Neste apartado poderá atopar resposta a preguntas específicas acerca do exercicio do dereito á solicitude da información pública.
5. **Estatísticas e resolucións** publicadas pola entidade local acerca do seu cumprimento do deber de transparencia.

Finalmente tamén, en cada portal de transparencia de entidade local, se ofrece a seguinte información:

1. **Achegas e suxestións.** Apartado no que se facilita información de como facer chegar á entidade local as mesmas .
2. **FAQ's: como funciona o portal?** Neste apartado poderá atopar resposta a preguntas xerais e específicas relacionadas coa información existente no portal de transparencia da entidade local.
3. **Guía rápida uso portal.** Guía rápida explicativa de como funciona o portal de transparencia dunha entidade local e as súas distintas áreas, seccións e subseccións.
4. **Atendémolo/la.** Apartado onde figura o teléfono da entidade local de atención ao cidadán en materia de transparencia.

No portal de transparencia dunha entidade local só estarán visibles os apartados nos que a entidade local publique información.

Para que unha entidade local poida dispoñer dun portal de transparencia en EidoLocal ou publicar o seu portal de transparencia (creado previamente noutra plataforma) é preciso que o alcalde/sa, presidente/a ou o secretario/a da entidade local estean dados de alta no portal EidoLocal e se solicite o servizo mediante o modelo (4) dispoñible no área privada de EidoLocal na ficha do servizo existente na opción “Servizos” (1) do menú principal de EidoLocal, en “Servizos”-“Consulta por ÁREAS TIC”- “Aplicacións e servizos finais”- “Portal de transparencia local de Galicia”, apartado “Contido relacionado” (3).

Nesta ficha do servizo, que figura na ilustración, no apartado de “Información suscripción”(2), descríbese máis detalladamente o proceso previo a seguir para habilitar o portal de transparencia da entidade local en EidoLocal.



Para calquera dúbida relacionada co funcionamento ou información do Portal de transparencia local de Galicia o cidadán pode poñerse en contacto co 012

(<https://www.xunta.gal/servizo-do-012>).

### Servizo do 012

O servizo de Atención e Información á Cidadanía a través do teléfono 012 (981 900 643 para chamadas realizadas desde fóra da nosa comunidade autónoma) facilita información e asesoramento sobre os servizos prestados pola nosa comunidade autónoma, permitindo a realización de trámites dun xeito sinxelo e directo.

Números de teléfono:

- Desde Galicia: **012 - 981 900 643**
- Desde fóra de Galicia: **981 900 643**
- Desde o estranxeiro: **00 34 981 900 643**

O servizo do 012 inclúe a atención ao cidadán **en galego e en castelán**.



Para calquera dúbida relacionada coa información publicada no portal de transparencia dunha entidade local concreta o cidadán pode poñerse en contacto coa **entidade local chamando ao teléfono que figura no seu portal de transparencia** ou, no seu defecto, ao teléfono xeral da entidade que figura na Guía Local (<https://www.eidolocal.gal/guialocal>).

#### ¡ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

- |                               |                          |
|-------------------------------|--------------------------|
| ▶ Presenta a túa solicitude ▼ | ▶ Consulta tramitación ▼ |
| ▶ Comisión de transparencia ▼ | ▶ Preguntas frecuentes ▼ |
| ▶ Estadísticas ▼              | ▶ Resoluciones ▼         |

🔍 ACHEGAS E SUXESTIÓNS

🔗 FAQ'S: CÓMO FUNCIONA O PORTAL?

📖 GUÍA DE TRANSPARENCIA

📞 ATENDÉMOLO/LA:

Para solicitar unha entidade local o alta no “Portal de transparencia local de Galicia” ou para dúbidas ou incidencias relacionadas coa xestión do seu portal de transparencia nesta plataforma pode contactar co Centro de Atención a usuarios da Xunta de Galicia.



- Correo electrónico: [cau-periferico@xunta.es](mailto:cau-periferico@xunta.es)
- Tfno: 881 995 300
- Horario: 7:30-21:00 L-V e 8:00-15:00 Sábados

